

Enquisa de Poboación Activa METODOLOXÍA

Introdución

A Enquisa de poboación activa (EPA) é unha investigación por mostraxe, continua e dirixida ás vivendas familiares que o Instituto Nacional de Estadística (INE) realiza desde 1964. En xullo de 2008 firmouse un convenio de colaboración entre o INE e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para a duplicación da mostra da EPA no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. O obxectivo da ampliación da mostra é permitir a análise da poboación en relación coa actividade económica cunha maior desagregación do que se viña facendo ata o momento.

Como resultado deste convenio, a partir do terceiro trimestre de 2009 incorpórase a mostra adicional recollida polo IGE (234 seccións) utilizando idéntica metodoloxía e o mesmo sistema de traballo de campo que o INE.

1. Obxectivos e utilidades

A finalidade principal da EPA é coñecer a actividade económica no relativo ao seu compoñente humano. Está orientada a dar datos das principais categorías poboacionais en relación co mercado de traballo (ocupados, parados, activos, inactivos) e a obter clasificacións de estas categorías segundo diversas características. Tamén posibilita confeccionar series temporais homoxéneas de resultados.

2. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

A enquisa está dirixida á poboación que reside en vivendas familiares, é dicir, as utilizadas todo o ano ou a maior parte del como vivenda habitual ou permanente.

Exclúense, por tanto, os aloxamentos colectivos como hospitais, hoteis, orfanatos, cuarteis, conventos, etc. Non obstante si se inclúen as familias que, formando un grupo independente, residen nestes establecementos, como pode ocorrer cos directores dos centros, conserxerías e porteiros.

Non toda a poboación que reside en colectivos resulta excluída, xa que os seus familiares proporcionan información sobre eles, como poden ser os enfermos en sanatorios, estudantes en internados, etc.

En conxunto, a poboación excluída da enquisa representa menos do 1% do total.

No caso particular de familias que utilizan dúas vivendas de maneira habitual (a nai, soa ou con fillos, nunha delas, e o pai noutra por razóns de traballo, estudos, etc., ou familias completas utilizando dúas vivendas á vez e por tempadas) considérase como vivenda principal aquela que a propia familia recoñeza como tal. A outra vivenda considérase como secundaria.

Por último advertir que, no que respecta á delimitación do que se considera vivenda obxecto da enquisa ou enquisable, a denominación xenérica de vivenda familiar inclúe aquela na que os seus compoñentes non teñen vínculos familiares, sempre que como grupo humano, cumpra as características precisas para ser enquisable.

Cando unha vivenda sae seleccionada na mostra e considérase enquisable, con arreglo a todo o exposto anteriormente, analízase o grupo humano que a habita.

As persoas que compoñen o grupo humano clasifícanse en enquisables ou non enquisables, de acordo cos criterios que se expoñen a continuación.

O obxectivo fundamental destes criterios é evitar que unha persoa poida ser entrevistada en dúas vivendas.

A.- Persoas presentes na vivenda

- **Son provisionalmente enquisables:**
 - Se levan tres ou máis meses presentes, ocupen ou non outra vivenda permanentemente (ver máis adiante excepción referente a persoas desprazadas temporalmente).
 - Se levan menos de tres meses presentes e non ocupan outra vivenda permanentemente.
- **Non son enquisables:**
 - Se levan menos de tres meses presentes e ocupan outra vivenda permanentemente (ver máis adiante excepción referente a traballadores internos).

B.- Persoas ausentes na vivenda

- **Son provisionalmente enquisables:**
 - Se levan menos de tres meses ausentes e non ocupan outra vivenda permanentemente (ver máis adiante excepción referente a traballadores internos).
- **Non son enquisables:**
 - Se levan menos de tres meses ausentes e ocupan outra vivenda permanentemente.
 - Se levan tres ou máis meses ausentes, ocupen ou non outra vivenda permanentemente (ver a continuación excepción referente a persoas desprazadas temporalmente).

Excepcións

1. Os traballadores internos dedicados a servizo doméstico entrevístanse sempre na vivenda na que traballan, independentemente do tempo que leven empregados na mesma. Non serán enquisables, polo tanto, nas súas vivendas familiares.
2. As persoas desprazadas temporalmente a outro lugar, tales como:
 - Enfermos en sanatorios.
 - Persoas en viaxes de negocios ou recreo.
 - Pescadores na mar.
 - Persoal navegante de compañías aéreas ou marítimas, nacionais ou estranxeiras.

- o Estudiantes e traballadores desprazados temporalmente a outro concello ou país.

Entrevístanse sempre na vivenda familiar que ocupa o resto da familia, aínda que leven ausentes tres ou máis meses.

Os estudantes e os traballadores consideraránse desprazados temporais se, cando remate a causa pola que se desprazaron, pensan voltar a reunirse co resto da familia. En caso de que se descoñezca esta circunstancia, se considerarán non enquisables se levan ausentes máis dun ano.

A situación de presente ou ausente refírese á dominante na semana de referencia.

As persoas provisionalmente enquisables consideraránse (definitivamente) enquisables se teñen a nacionalidade española ou se sendo estranxeiros, non militares ou diplomáticos, a súa permanencia en España é ou vai ser igual ou superior a un ano.

Unha vivenda enquisable debe de ter polo menos unha persoa enquisable (presente ou ausente) de 16 ou máis anos.

Ámbito xeográfico

A EPA cobre todo o territorio nacional e proporciona información por comunidades autónomas e provincias con distinto grao de desagregación.

Ámbito temporal

Distínguense os seguintes períodos de referencia:

- Período de referencia dos resultados da enquisa: é o trimestre. As entrevistas están repartidas uniformemente ao longo deste período e os resultados que se obteñen están referidos a unha semana media do mesmo.

- Período de referencia da información: como norma xeral é a semana anterior (de luns a domingo) á data na que se realiza a entrevista. As respostas ás preguntas irán, polo tanto, sempre expresadas en relación con esta semana. Non obstante, hai preguntas con períodos de referencia especiais tales como:

- Os métodos de búsqueda de emprego, as peculiaridades da xornada de traballo e as relativas a estudos en curso, refírense ás catro semanas anteriores á entrevista.
- A dispoñibilidade para traballar refírese ás dúas semanas seguintes ao domingo da semana de referencia.
- A idade do entrevistado refírese á que tivera o último día (o domingo) da semana de referencia. O mesmo ocorre coa inscrición na oficina de emprego da administración.
- Hai preguntas sobre o lugar de residencia de hai un ano e para os maiores de 16 anos tamén a súa situación respecto á actividade.

3. Definicións e aspectos metodolóxicos

As definicións están baseadas nas recomendacións da Organización Internacional do Traballo (OIT). Por outra parte, todas as características definidas están referidas ao concepto nacional e

non ao interior, dado que non é posible recoller información da poboación que traballa en España e reside no estranxeiro, xa que a enquisa vai dirixida á poboación que reside en vivendas familiares.

Vivenda

Recinto estruturalmente *separado e independente* que, pola forma na que foi construído, reconstruído, transformado ou adaptado, está concibido para ser habitado por persoas ou, aínda que non fose así, constitúe a residencia habitual de alguén. Como excepción, non se consideran vivendas os recintos que, a pesar de estar concibidos para habitación humana, están dedicados totalmente a outros fins (por exemplo, os que están sendo utilizados exclusivamente como locais).

Un recinto considérase **separado** se está rodeado por paredes, muros, tapias, valos..., atópase cuberto por teito, e permite que unha persoa ou un grupo de persoas, se separe doutras, co fin de preparar e consumir os seus alimentos, durmir e protexerse contra as inclemencias do tempo e do medio.

O recinto considérase **independente** se ten acceso directo dende a rúa ao terreo público ou privado, común ou particular, ou ben dende calquera escaleira, corredor..., é dicir, sempre que os ocupantes da vivenda poidan entrar e saír dela sen pasar por ningún recinto ocupado por outras persoas.

En todo caso, tense en conta a situación actual do recinto-vivenda e non o estado primitivo da construción, de modo que nas agregacións ou subdivisións de vivendas se consideran cantas unidades resultaran do proceso de transformación, sempre que cumpran as condicións anteriormente definidas, e independentemente, polo tanto, da súa situación inicial de construción.

Hai dous tipos de vivendas: *vivendas colectivas* (tamén coñecidas como establecementos colectivos) e *vivendas familiares*.

Vivenda colectiva

Vivenda destinada a ser habitada por un colectivo, é dicir, por un grupo de persoas sometidas a unha autoridade ou réxime común non baseados en lazos familiares nin de convivencia. A vivenda colectiva pode ocupar só parcialmente un edificio ou, máis frecuentemente, a totalidade do mesmo.

Inclúense tanto os establecementos colectivos (conventos, cuarteis, asilos, residencias de estudantes ou de traballadores, hospitais, prisións, tec.), como os hoteis, pensións e establecementos análogos.

Cando dentro do establecemento colectivo existan vivendas de carácter familiar (véxase a seguinte definición), normalmente destinadas ao persoal directivo, administrativo ou de servizo do establecemento, estas serán consideradas como vivendas familiares.

Vivenda familiar

Vivenda destinada a ser habitada por unha ou varias persoas, en xeral, pero non necesariamente, unidas por parentesco, e que non constitúen unha vivenda colectiva.

Non se inclúen, en cambio, os recintos construídos inicialmente para vivendas pero que se utilizan exclusivamente para outros fins (vivendas que se transformaron en oficinas, talleres, almacéns...).

A pesar de non cumprir estritamente coa definición, tamén se consideran vivendas familiares os aloxamentos fixos que se definen a continuación.

Aloxamento fixo

Poden ser de varios tipos:

- Vivenda semipermanente que, aínda que son semellantes ás vivendas familiares nalgúns aspectos, son utilizadas nada máis que durante un tempo limitado (normalmente menos de 10 anos).
- Determinados recintos destinados a vivenda que se constrúen sen ningún piar e con materiais de desfeito (latas, caixas...): chabolas, chozas...
- Outros recintos, cuxo destino principal non é o de ser vivenda, e que non foron reconstruídos nin reformados para ser utilizados con fins residenciais, pero nos que pese a iso vive xente no seu interior; por exemplo, os espazos situados en cortes, palleiros, muíños, garaxes, almacéns, locais...

Membro dunha vivenda familiar

Unha persoa considérase membro dunha vivenda familiar se reside habitualmente nela.

Vivenda familiar principal

Considérase vivenda familiar principal a toda vivenda familiar que é utilizada como residencia habitual dun ou máis fogares. As vivendas familiares que son de tempada, deshabitadas, etc. non son residencia habitual e polo tanto non son principais.

Poboación economicamente activa

É o conxunto de persoas que, nun período de referencia dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse á produción.

Nesta enquisa, por tanto, a poboación economicamente activa comprende toda as persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia cumpren as condicións para a súa inclusión entre as persoas ocupadas ou paradas.

Ocupados

Son as persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, podendo estar durante esa semana:

- Traballando polo menos unha hora a cambio dun soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar, en metálico ou en especie.

- Con emprego pero sen traballar, é dicir, ausentes do seu traballo por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas ou outras razóns análogas. Tamén se consideran dentro desta categoría as persoas que, estando suspendidas ou separadas do seu emprego como consecuencia dunha regulación de emprego, esperan reincorporarse á súa empresa.

Os ocupados clasifícanse segundo o tipo de xornada laboral en: traballando a **tempo completo** e a **tempo parcial**. A base para esta clasificación é a propia declaración do entrevistado, aínda que non se pode considerar traballo a tempo parcial o que habitualmente supera as trinta e cinco horas semanais nin traballo a tempo completo o que non chegue ás trinta.

Asalariados

Son persoas con traballo por conta allea ou asalariados todas as que entren nas seguintes categorías:

- Traballando: persoas que durante a semana de referencia traballaron, incluso de forma esporádica ou ocasional, polo menos unha hora a cambio dun soldo, salario ou outra forma de retribución conexas, en metálico ou en especie.

- Con emprego pero sen traballar: persoas que, xa tendo traballado no seu emprego actual, estean ausentes do mesmo durante a semana de referencia (por causa de enfermidade, accidente, conflito laboral, suspensión disciplinaria de emprego e soldo, vacacións, licenza de estudos,...) e manteñan un estreito vínculo co emprego. A forza deste vínculo determinase de acordo coa crenza do entrevistado de reincorporarse ou non á empresa e na percepción ou non dalgún tipo de remuneración.

Os membros activos das forzas armadas figuran tamén entre a poboación asalariada.

Non se consideran asalariados:

- Os empresarios e os traballadores independentes, aínda que estiveran contratados como asalariados na súa propia empresa.

- Os traballadores familiares non remunerados (axudas familiares) e os membros de cooperativas que traballan nelas.

- As persoas ausentes do seu traballo, con licenza ou suspendidas que estean debilmente vinculadas ao seu emprego.

- Os traballadores estacionais, ocasionais ou discontinuos por conta allea na época de menor actividade que non estivesen traballando na semana de referencia.

Considérase que os asalariados teñen un **contrato ou relación laboral temporal** cando o seu remate queda fixado por condicións obxectivas, tales como a expiración dun prazo, a realización dunha tarefa de terminada, etc. Noutro caso, considérase que o contrato, ou relación laboral, é **indefinido**.

Os asalariados subdivídense en: asalariados do **sector público** e asalariados do **sector privado**. Entre os primeiros están incluídos tanto os funcionarios como os contratados laborais, independentemente de que traballen con carácter fixo ou temporal.

Parados

Considéranse paradas todas aquelas persoas de 16 ou máis anos, que durante a semana de referencia estiveron simultaneamente:

- Sen traballo, é dicir, que non tiveron emprego por conta allea ou por conta propia durante a semana de referencia.
- Na procura de traballo, é dicir, que tomaron medidas concretas para buscar un traballo por conta allea ou fixeron xestións para establecerse pola súa conta durante o mes precedente.
- Dispoñibles para traballar, é dicir, en condicións de comezar a facelo nun prazo de dúas semanas a partir da data da entrevista.

Tamén se inclúen entre as persoas paradas aquelas que na semana de referencia estiveron sen traballo, dispoñibles para traballar dentro das dúas semanas posteriores á da data da entrevista e á espera de se poderen incorporar a un novo traballo nunha data posterior á semana de referencia.

Así mesmo, son paradas as persoas ausentes do traballo como consecuencia dunha suspensión por regulación de emprego que non crean poder incorporarse á empresa e buscaron traballo e están dispoñibles para desempeñalo.

Aínda que a definición formal de paro non cambia, pois segue as directrices da Organización Internacional do Traballo (OIT), a partir do primeiro trimestre de 2002 entra en vigor o Regulamento 1897/2000 da Comisión Europea que introduce novas instrucións sobre cómo interpretar a busca activa de traballo.

Segundo dito Regulamento, considéranse métodos activos de busca, nas catro semanas anteriores á entrevista, os seguintes:

- Estar en contacto cunha oficina pública de emprego co fin de encontrar traballo, calquera que sexa a parte que tomase a iniciativa (a renovación da inscrición por razóns puramente administrativas non constitúe un planteamento activo).
- Estar en contacto cunha oficina privada (oficina de emprego temporal, empresa especializada en contratación...) co fin de atopar traballo.
- Enviar unha candidatura directamente aos empregadores.
- Indagar a través de relacións persoais, por mediación de sindicatos...
- Anunciarse ou responder a anuncios de periódicos.
- Estudar as ofertas de emprego.
- Participar nunha proba, concurso ou entrevista, no marco dun procedemento de contratación.
- Buscar terreos, locais ou material.
- Realizar xestións para obter permisos, licenzas ou recursos financeiros.

Inactivos

A poboación inactiva abrangue todas as persoas de 16 ou máis anos non clasificadas como ocupadas ou paradas durante a semana de referencia.

Distínguense as seguintes categorías funcionais:

- Persoas que se ocupan do seu fogar: persoas que, sen exercerem ningunha actividade económica, dedícanse a coidar sen remuneración os seus propios fogares.
- Estudantes: persoas que, sen exercerem ningunha actividade económica, reciben unha instrución sistemática en calquera grao de educación.
- Xubilados ou retirados: persoas que tiveron unha actividade económica anterior e que pola súa idade ou outras causas a abandonaron e que teñen como medio de vida as pensións obtidas con motivo da súa actividade anterior.
- Persoas que perciben unha pensión distinta da de xubilación e prexubilación.
- Persoas que realizan sen remuneración traballos sociais, actividades de tipo benéfico, etc. (excluídas as axudas familiares).
- Incapacitados para traballar.
- Outra situación: persoas que, sen exercer ningunha actividade económica, reciben axuda pública ou privada e todas aquelas que non están incluídas en ningunha das categorías anteriores.

Poboación contada aparte

Ata o cuarto trimestre de 2001, os homes que cumprían o servizo militar (ou servizo civil obrigatorio) considerábanse poboación contada aparte, isto é, non se incluían entre os activos nin entre os inactivos, independentemente de que na semana de referencia traballaran ou non. Dende o 1 de xaneiro de 2002 suprímese o servizo militar obrigatorio, polo que dita categoría tamén desaparece da enquisa.

Taxa de actividade

É o cociente entre o número total de activos e a poboación de 16 e máis anos.

Taxa de paro

É o cociente entre o número de parados e o de activos.

Taxa de ocupación

Representa a porcentaxe das persoas con emprego sobre a poboación en idade laboral.

Perceptores de ingresos

Son todas aquelas persoas que, na semana de referencia, percibiron algún tipo de ingreso económico. O concepto de ingreso económico inclúe tanto o salario, como os diferentes tipos de pensións (xubilación, prexubilación, discapacidade,...) ou prestacións por desemprego.

4. Unidades de análise e de mostraxe

Unidades de análise

Considéranse na enquisa dúas unidades básicas de observación e análise:

- As vivendas familiares principais
- As persoas que habitan ditas vivendas

Unidades de mostraxe

Considérase como unidade de mostraxe a vivenda familiar principal e como unidade última de mostraxe as persoas que residen nesa vivenda. A unidade primaria de mostraxe é a sección censal e a vivenda será a unidade de segunda etapa.

5. Deseño da mostra

Tipo de mostraxe

O tipo de mostraxe utilizado é bietápico con estratificación nas unidades de primeira etapa, que están constituídas polas seccións censais. As unidades de segunda etapa son as vivendas familiares principais e os aloxamentos fixos. Nestas unidades de segunda etapa non se realiza submostraxe algunha de modo que se recolle información de todas as persoas que teñan a súa residencia habitual nas vivendas.

As seccións censais permanecen fixas na mostra indefinidamente, sen embargo as vivendas familiares son renovadas parcialmente cada trimestre de enquisa, a fin de evitar o cansanzo das familias.

A mostra total de seccións atópase dividida en seis grupos, que se denominan **quendas de rotación**, renovándose cada trimestre as vivendas das seccións que pertencen a unha determinada quenda. Así, unha vivenda permanece na mostra seis trimestres consecutivos. Unha vez pasados eses seis trimestres as vivendas son reempazadas por outras da mesma sección.

Para poder realizar a renovación de vivendas dunha forma axeitada, cada trimestre actualízase o marco de vivendas das seccións da quenda de rotación cuxas vivendas son entrevistadas por sexta e derradeira vez. Deste xeito, poden incorporarse á mostra no seguinte período aquelas vivendas, tanto de nova construción como as que se transformaron en vivendas familiares, as cales, cando se realizou o último Censo ou Padrón non existían ou se atopaban deshabitadas ou destinadas a outras finalidades diferentes á de vivenda principal.

A distribución da mostra é uniforme no tempo, o que equivale a que en cada provincia o número de seccións por semana é constante.

Cada período da enquisa é dun trimestre sendo cada unha das seccións da mostra visitada nunha das trece semanas do mesmo.

A comunidade autónoma galega está dividida en estratos. Os estratos constrúense seguindo un criterio demográfico, no que se asigna a cada concello o seu estrato correspondente, dependendo do tamaño do mesmo. Realizouse a seguinte clasificación:

- Estrato 1: concellos capital de provincia

- Estrato 2: concellos autorrepresentados, importantes en relación coa capital (no caso de Galicia son Santiago de Compostela e Vigo)
- Estrato 3: outros concellos autorrepresentados, importantes en relación coa capital (no caso de Galicia é Ferrol), excepto os anteriores.
- Estrato 4: concellos de 50.001 a 100.000 habitantes, excepto os anteriores.
- Estrato 5: concellos de 20.001 a 50.000 habitantes.
- Estrato 6: concellos de 10.001 a 20.000 habitantes.
- Estrato 7: concellos de 5.001 a 10.000 habitantes.
- Estrato 8: concellos de 2.001 a 5.000 habitantes.
- Estrato 9: concellos con poboación menor ou igual a 2.000 habitantes.

A distribución do número de seccións por estrato e semana é similar en cada quenda de rotación. Deste xeito trátase de evitar posibles sesgos de medida nas estimacións, debido ao diferente comportamento das familias colaboradoras en función do tempo que leven na enquisa.

Cada quenda de rotación pode ser considerada como unha submostra representativa. Isto facilita a obtención de estimadores de variables estruturais mediante a unión de ditas submostras.

Tamaño da mostra

No total de Galicia selecciónanse un total de 468 seccións. O IGE recolle información en 234 seccións e o INE en outras 234 seccións.

Estimadores

Utilízanse estimadores de razón aos que se lles aplican técnicas de reponderación para facer coincidir os resultados que proporciona a enquisa coas mesmas variables obtidas nas proxeccións de poboación. Así, a nivel de comunidade autónoma terían que coincidir a poboación de 16 e máis anos por sexo e grupos de idade e a nivel de provincia o total da poboación de 16 e máis anos. Tamén se axusta a nivel de comunidade o total de poboación nacional e estranxeira (sempre que a mostra o permita).

Erros de mostraxe

Trimestralmente calcúlanse os erros de mostraxe das estimacións dalgunhas das principais características investigadas.

Para a obtención dos erros de mostraxe utilízase o método das semimostras reiteradas.

6. Recollida de información

Método de recollida

O método de entrevista utilizado é a entrevista persoal asistida mediante un ordenador portátil (método CAPI: Computer Assisted Personal Interviewing) para as vivendas que entran novas

na mostra e entrevista telefónica para as sucesivas entrevistas; estas entrevistas telefónicas realízanse desde centros CATI (Computer Assisted Telephone Interviewing).

Durante o primeiro contacto coa vivenda solicítase o teléfono para a realización das sucesivas entrevistas de maneira telefónica, non obstante, admítase a posibilidade de realizar as sucesivas entrevistas tamén de maneira presencial para aquelas vivendas que non dispoñan de teléfono ou teñan dificultades para realizar unha entrevista telefónica.

Cuestionario

O cuestionario da EPA consta dunha Contraportada, na que se determinan as persoas da vivenda que se deben entrevistar, e tantos cuestionarios individuais como personas resulten enquisables, sendo diferente o cuestionario dos menores de 16 anos do das persoas de 16 e máis anos, dado que a enquisa trata de estudar o mercado laboral e por tanto o cuestionario para as persoas que aínda non teñen a idade legal para traballar límitase case exclusivamente a características de tipo demográfico.

O cuestionario da sexta entrevista (cuestionario de submostra) é máis longo que o das cinco primeiras colaboracións, sendo o cuestionario das entrevistas primeira a quinta un subconxunto do anterior.

A contraportada consta dunha serie de preguntas cuxa finalidade é evitar que unha mesma persoa sexa entrevistada no mesmo trimestre en dúas vivendas diferentes.

O cuestionario de menores de 16 anos consta dunha serie de preguntas de carácter xeral.

O cuestionario de persoas de 16 e máis anos consta dunha serie de apartados relativos a:

A. Datos xerais, que se utilizan, xunto cos datos da contraportada, para tabular as principais variables do mercado laboral segundo determinadas características (idade, sexo, lugar de nacemento, etc.).

B. Relación coa actividade económica, supón o núcleo vital da enquisa; en función das respostas dadas as preguntas deste apartado realízase a clasificación fundamental das persoas como ocupadas ou non. Os demais serán parados ou inactivos segundo as súas respostas ao resto do cuestionario.

C. Características do emprego, no que se investigan as características principais do posto de traballo das persoas ocupadas (ocupación, actividade do establecemento, situación profesional...), fanse preguntas comúns a todos os ocupados (data de comezo na empresa, ubicación do establecemento, número de persoas que traballan nel, tipo de xornada, horas habituais e efectivas,...) e outras específicas para os asalariados (tipo de contrato, duración do mesmo...). Fanse tamén preguntas sobre o emprego secundario, se o hai, e polo desexo de traballar máis horas e a dispoñibilidade para facelo, o que permite clasificar como subempregados ou non aos ocupados.

D. Búsqueda de emprego, preguntas encamiñadas a poder clasificar ás persoas non ocupadas como paradas ou inactivas.

E. Experiencia profesional, ás persoas que actualmente non son ocupadas se lles pregunta polas características fundamentais do último emprego, se é que traballaron anteriormente.

F. Ensino e formación, utilízase para analizar cómo afecta o nivel de estudos e a formación á relación co mercado laboral.

G. Inscripción na oficina de emprego, investiga a situación do entrevistado en relación coas oficinas públicas de emprego.

H. Situacións diversas, clasifícanse as persoas segundo varias situacións (estudantes, xubilados, etc.), esta clasificación é moi útil sobre todo no caso dos inactivos.

I. Situación hai un ano, unha serie de preguntas en relación co lugar de residencia e a relación co mercado laboral hai un ano.

J. Traballo no ano anterior, a única pregunta deste apartado realízase no primeiro trimestre de cada ano e o seu obxectivo é coñecer unha estimación das persoas que realizaron traballo remunerado ao longo do ano anterior.

7. Presentación de resultados

A información obtida da EPA para Galicia, publícase na páxina web do IGE (<http://www.ige.eu>) con periodicidade trimestral.

Nesta páxina web pódese consultar a seguinte información:

- **Principais resultados**: contén datos trimestrais dende o 1º trimestre de 1996 ao último trimestre publicado, nos cales se aplicou a metodoloxía EPA 2005. Os datos de paro dende o 1º trimestre de 2001 en adiante, reflicten a nova definición de paro establecida polo Regulamento 1897 da CE e non son directamente comparables cos dos períodos anteriores. Ademais, no primeiro trimestre de 2005 implantouse un procedemento centralizado para a realización das entrevistas telefónicas e reformuláronse algunhas das preguntas do cuestionario o que provocou unha ruptura nas series dalgunhas variables da EPA.

- **Resultados detallados**: neste apartado pódese consultar unha explotación detallada da EPA con datos desde o terceiro trimestre de 2009. A información está agrupada en seis apartados:

- Poboación de 16 ou máis anos
- Activos
- Ocupados
- Parados
- Inactivos
- Fogares

- No **banco de series de conxuntura**, pódense consultar series coa metodoloxía EPA 2005, coa metodoloxía EPA 2002 e coa antiga metodoloxía. As series coa metodoloxía EPA 2005 están dispoñibles dende o 1º trimestre de 1996 ata o último trimestre publicado, que a partir do primeiro trimestre de 2001 reflicten a nova definición de paro. Ademais a utilización dun novo cuestionario e dun novo método de recollida provoca unha ruptura nas series dalgunhas variables a partir do primeiro trimestre de 2005. Coa metodoloxía EPA 2002 hai series dende o 3º trimestre de 1976 ata o cuarto trimestre de 2004 onde a partir do 1º trimestre de 2001 reflicten a nova definición de paro e series dende o 3º trimestre de 1976 ata o cuarto trimestre

de 2001 coa antiga definición de paro. Ademais tamén están dispoñibles series homoxéneas coa antiga metodoloxía dende o 3º trimestre de 1976 ata o 4º trimestre de 2001.